

Levamos moito tempo sufrindo de falta de comunicación por todo o que estivemos a pasar, e aínda que nestes intres o mal non esté totalmente superado, as condicións sanitarias melloraron o suficiente como para poder, tomando as debidas precaucións, pasar uns días de lecer en convivencia. Disfrutar xuntos, axudaranos a aliviar as penurias e afrontar o porvir con máis ánimo e leducia. O necesitamos.

E como pensamos que é o momento propicio para retomar as vacacións de convivencia, a **Fundación O Noso Lar** vos propón compartir esta viaxe a **Duvulví**.

Estas vacacións son, como sempre, para os maiores, pero tamén poden participar outras persoas adultas que o desexen.

Saída de Samos ás 8 da mañá o día 25 de abril

Algúns dos lugares a visitar:

Covadonga: Un enclave emblemático para os asturianos e a Historia de España. Aquí, ademáis do fermoso santuario que alberga á famosa santina, librouse a batalla onde *Don Pelayo* derrotou aos musulmáns no ano 722, iniciando así a Reconquista.



Cova da Santina (Covadonga).

Ribadesella: Fundada por alfonso X na desembocadura do Sella, foi un importante porto do Cantábrico durante o s. XIX. Na actualidade é unha típica vila mariñeira, moi coñecida polo turismo que xera a súa proximidade á Cova de Tito Bustillo (pinturas prehistóricas) e pola festa das piraguas (*Descenso Internacional del Sella*)



Vista panorámica de Ribadesella

Oviedo: Capital do Principado con orixe sobre o s. VIII, a día de hoxe é unha cidade moderna con un fermoso casco antigo, ideal para pasear e dar testemuña do sabor, que aínda conserva, da novela realista de Clarín, *La Regenta*, unha das obras cume da literatura española.

Interesante a Catedral gótica (s. XIII-XVI) dedicada a San Salvador; Museo de *Bellas Artes*; Teatro Campoamor (s. XIX), onde se entregan os premios Princesa de Asturias...



Catedral de Oviedo e estatua de *La Regenta*

Gijón: Vila histórica costeira fundada na época romana. Actualmente é unha cidade turística con un fermoso núcleo antigo. Na *Plaza Mayor* aprécianse elegantes edificios do s. XIX. Importante o Palacio de Revillagigedo, o barrio de Cimavilla...



Palacio de Revillagigedo (Gijón)

Avilés: Cidade que mira ao mar e posúe un fermoso casco histórico con interesantes monumentos. Gozaremos infinito paseando polas súas típicas rúas



Rúa típica de Avilés

A chegada a Samos o día 30, está prevista arredor das 9:30 da tarde

R#x#h#d#p#h#g#h#u#q#h#y#f#u#l#u#h#
d#v#h#g#g#d#R#h#b#u#b

Vacacións - Convivencia

para os Maiores

na

PRINCIPADO DE ASTURIAS

25 - 30 de abril

2022

